

Diario dunha galiña palestina

Moncho Iglesias Míguez
Departamento de Castelán
Universidade de Belén, Palestina
monchoi@bethlehem.edu

Resumo: A literatura palestina forma parte do vasto sistema literario árabe. Con todo, as particularidades históricas confirman un tipo de literatura diferente. *Memorias dunha galiña* é un exemplo desa escrita social, política e histórica nacida en Palestina; unha obra que reflicte unha realidade social dende un punto de vista literario.

Palabras-chave: Literatura; palestina; galiña.

Introdución

Memorias dunha galiña -Mudhakkirat Dajajah-, do autor palestino Ishaq Musa al-Husayni, considérase unha das novelas máis importantes da literatura palestina. A súa importancia radica en tres puntos que, segundo moitos críticos, se reflicten na obra: os problemas sociais da Palestina do momento, o impacto da presenza xudía no país, e a combinación no uso dunha ficción didáctica e entretida.

A estudosa e escritora Salma Khadra Jayyusi observa que a obra pode considerarse a primeira ficción contemporánea claramente influenciada pola tradición literaria árabe, na liña do *Kalila wa Dimna*¹. No caso das *Memorias*, apunta Jayyusi (1992: 15), “o animal é unha galiña que amosa gran sabedoría e benevolencia, e un criterio sensato en temas morais e existenciais”.

A historia comeza cando a galiña se muda a un novo fogar, onde establece novas relacións. O benestar inicial interrómpese tras a chegada dos inimigos, que atacan o lugar e expulsan a moitos dos seus habitantes. Pronto, as xeracións máis novas deciden vingar a agresión, pero a galiña convénceos para que intenten resolver o problema dun xeito pacífico: repregándose polo mundo, amosando ao agresor que as súas accións botaríanse contra el. A chamada pola paz constitúe unha

¹ O *Kalila wa Dimna*, *Panchatantra* ou *Fábulas de Bidpai* é un texto orixinariamente sánscrito que recolle tradicións orais nas que os animais se comportan como humanos

aspiración ideal allea á realidade política do momento, que provocou moitas críticas negativas.

Neste traballo recóllense algunhas das críticas vertidas sobre *Memorias dunha galiña*, amais de facerse unha interpretación propia da obra e de presentar brevemente a historia da literatura palestina. Unha literatura difícil de encadrar, non só no referente aos temas traballados e ao seu tratamento, senón porque, como manifesta o escritor árabe-israelí Sayed Kashua (Martí: 2008) é un misterio saber “onde se sitúa exactamente a fronteira entre Palestina e Israel”. As letras palestinas son produto da rabia, reflexións de dor e notas de saudade. Palabras e historia únense nunha literatura feita dende un permanente exilio, como apunta Jayussi:

O luxo de elixir o propio pasado, de seleccionar memorias, de restablecer relacións que transcenden as circunstancias eventuais externas, non lles pertence; son exiliados permanentes, o prototipo de estranxeiro de todos os tempos, loitando contra obstáculos de calquera clase e magnitude (Jayussi, 1992: 3).

As notas biográficas foron tomadas de dúas fontes: a enciclopedia palestina, editada por Philip Mattar; e antoloxía literaria da investigadora Salma Jayyusi. Así mesmo, teño que agradecer toda a axuda aportada polo departamento de árabe da Universidade de Belén, e en especial a Qustandi Shomali, quen me facilitou referencias bibliográficas para realizar este estudo. Do mesmo xeito, quixera mencionar a Aya Mahdi Abdel Nabi, quen me axudou na tradución e interpretación de moitos textos.

A literatura palestina

Na guía sobre Palestina editada por Mariam Shahin (2005: 41), esta afirma que “a lingua, máis que a raza, o credo ou a xeografía, define quen é un árabe”. Así, un palestino, e con el a súa literatura, é un membro máis dun vasto conxunto xeográfico para o que a literatura é un medio de expresión fundamental. Neste sentido, o poeta andalusí Ibn Rashiq (Lyll: 1885, xv) anota a importancia da poesía no mundo árabe:

Cando aparecía un poeta nunha familia de árabes, as outras tribos de arredor uníanse a esa familia para felicitalos pola boa sorte [...] non adoitaban felicitarse máis que por tres motivos: o nacemento dun neno, o descubrimento dun poeta, e o parir dunha nobre egua.

A literatura palestina é aquela escrita por palestinos, influenciados pola cultura israelí, e que forma parte da literatura árabe moderna, cuxo comezo data de principios do século XIX. Pódese dividir en catro períodos: o otomán (ata 1916), o mandato británico (1918-1948), o xordano (1948-1967) e a ocupación israelí (1967-ata a actualidade).

A primeira poesía, de finais do XIX, é basicamente relixiosa. As poucas excepcións a este tema son versos en loanza de funcionarios otománs ou elexías funerarias. Así, Abu al-Iqbal² escribiu poemas nos que eloxiaba o sultán otomán e outros gobernadores provinciais, e atacou, cos seus versos, o proxecto sionista³ de crear un territorio xudeu en Palestina. Pero non é ata o século XX que esta lírica destaca por si mesma, como afirma o estudoso Khalid Ali Mustafa:

Ata a chegada do século XX, a poesía palestina inclinábase cara os floreos, elexías afectuosas e eventos sociais especiais. Os significados eran convencionais e repetitivos, e as metáforas totalmente manidas. A poesía carecía de calquera representación das preocupacións humanas reais; produto dunha carencia espiritual e intelectual (Mustafa, 1978: 24).

Os escritores do período otomán divídense en dous grupos: os clasicistas e os modernistas. Aqueles que puideron estudar en Europa producen textos modernistas, mentres que os que acudiron a escolas do estado manteñen unha tendencia clasicista. Estes últimos considéranse transmisores do patrimonio árabe-musulmán e de aí que os seus traballos sexan, basicamente, de temas relixiosos. Os modernistas, pola outra banda, tratan de achegar a civilización occidental ao sistema literario palestino, traducindo a autores europeos e producindo distintas formas literarias coma relatos ou pezas teatrais. Desta época destacan autores como Khalil Bayydas⁴, tradutor de novelas e relatos breves; Sakakini⁵, ensaísta e prosista; e Iskander al-Khuri⁶, poeta social.

² Salim al-Ya'qubi (1889-1946), coñecido como Abu al-Iqbal, demandou a unificación do mundo árabe na súa poesía, criticou a revolta árabe contra o imperio otomán e atacou o proxecto sionista.

³ O proxecto sionista emerxeu coma un movemento nacional, en Europa do Leste, na década de 1880. O seu fundador, o húngaro xudío Theodor Herzl, soñaba co establecemento dun estado xudeu en terras palestinas. Poucos anos despois, en 1897, durante o congreso sionista en Basel, pediuse publicamente a instauración dun estado para o pobo xudeu, fazaña conseguida en 1948.

⁴ Khalil Bayydas (1875-1949) escribiu a primeira novela palestina, *O herdeiro -Il-Ariz-* en 1920, amais doutras historias curtas.

⁵ Khalil al-Sakakini (1887-1953) foi un escritor e mestre, fundador de varios colexios. Moitos dos seus libros son guías de estudo e gramáticas, entre os que cómpre destacar *O novo método -al-Aslob al-Jadid-*.

En 1920, Palestina pasaba a ser de dominio británico. Este cambio de poder, que obrigaba a aceptar a declaración de Balfour⁷, provoca diferentes confrontacións que marcan o sino desta etapa; un período no que destaca o contacto coa cultura occidental. Así, moitos palestinos estudan en universidades europeas e convértese en escritores e abandeirados das críticas contra a venda de terra a xudeus e outros temas que preocupaban á sociedade do momento.

O xornal convértese no principal medio de expresión para os escritores; nel se publican artigos, poemas, relatos e folletos políticos. Esta importancia evidénciase no número deste tipo de publicacións; o estudoso Yusuf Khuri (1976) chega a contar sesenta periódicos e vintedous revistas árabes nestes anos. Amais, os centros culturais reúnen, na maioría de cidades e vilas, grupos de discusión e festivais literarios que dinamizan a cultura. O feito de que se editen traballos literarios en xornais e revistas provoca unha concepción diferente da literatura, que deixa a súa postura aristocrática para achegarse a unha idea romántica e máis achegada á xente.

A poesía de Ibrahim Tuqan⁸, claramente política e social, é un claro exemplo deste período. Véxanse estes versos do poema “Mil”

Hai un número negro que non é o trece,
pero que o supera en delitos:
É o número mil. Nunca se golpeou
con tanta e tanta crueldade a Palestina.
Hai un millar que emigra... Outros mil que escapan...
E mil turistas que entran, sen retorno.
Hai mil salvocondutos, e tamén mil xeitos
de alixeirarlles todos os obstáculos.
E no mar hai milleiros... parece que as súas ondas
están todas cargadas de navios (Tuqan, 1988: 337).

Outra figura destacada deste novo tipo de literatura é Ishaq Musa al-Husayni, quen escribiu dúas obras sobre a ensinanza do árabe, amais

⁶ Iskander al-Khuri (1888-1973) foi un dos maiores representantes do modernismo, preocupado pola reforma social e política, temas que se reflicten nos seus versos, como no libro: *Al-hayat ba'd al-mut -A vida despois da morte*.

⁷ A declaración Balfour, promulgada polo goberno británico en 1917, foi o principal apoio para as aspiracións sionistas, posto que sostíña que Palestina debía ser a nación dos xudeus.

⁸ Ibrahim Tuqan (1905-1941) está considerado como a conciencia do pobo palestino durante os anos vinte e trinta. Dedicou a maior parte da súa poesía á causa palestina, con versos nacionalistas, irónicos e cerimoniosos. Despois de morrer, publicouse toda a súa obra nun só volume: *Diwan Ibrahim Tuqan - Antoloxía poética de Ibrahim Tuqan*.

doutros libros e artigos sobre a vida en Palestina, e a obra *Mudhakkirat Dajajah* (*Memorias dunha galiña*), obxecto de estudo deste traballo.

A guerra do 48 constitúe un importante punto de referencia para a historia social, política e literaria palestina. A maioría da poboación emigrou a países veciños; provocando, deste xeito, unha división entre os escritores dentro do territorio e aqueles na diáspora. A diversificación de temas e intereses caracteriza este período no que hai catro grupos diferentes: os palestinos de Gaza, que permanecen baixo mandato exipcio; os de Cisjordania, baixo tutela xordana; os que viven dentro do territorio israelí, e os que viven fóra. Malia distancia, a referencia á Nakbah⁹ é o motivo común que reflicte o sufrimento dos refuxiados: un sentimento de inxustiza e o anhelos por regresar.

A poesía, instrumento expresivo de dor, continúa a ser o xénero máis empregado, aínda que cada vez está máis influenciada polas tendencias líricas occidentais. Os versos monorrítmicos, totalmente necesarios na poesía clásica, ceden o seu espazo lineal a un estilo poético máis familiar e simplificado grazas ao uso da rima libre. Destacan dous colectivos neste período: o composto por aqueles que xa escribían antes da Nakbah, como Kamal Nasser¹⁰; e o representado polas novas plumas nadas tras a catástrofe, onde destacan Ghassan Kanafani¹¹ e Salma Jayyusi¹² entre outros.

A Nakbah tamén tivo unha enorme influencia no desenvolvemento do relato e a novela, onde destacan Jabra Ibrahim Jabra¹³ e Ghassan Kanafani. En canto ao conto, proliferan as publicacións en revistas e xornais, editadas, maiormente, na revista literaria *al-Ufuk al-Jadid* -O horizonte novo.

⁹ Nakbah -catástrofe- é o nome que o mundo árabe dá aos sucesos acaecidos en Palestina en 1948, o ano da destrución da terra e do exilio.

¹⁰ Kamal Nasser (1922-1973) foi un poeta totalmente implicado na liberación da súa xente. Morreu nun ataque israelí perpetuado en Beirut, deixando unha colección de poemas entre os que se atopan o libro *Jirah Tughanni* -*Feridas cantando*.

¹¹ Ghassan Kanafani (1936-1972) foi un refuxiado palestino, o que o levou a implicarse politicamente e morrer nun atentado en Beirut. Do seu traballo literario cabe destacar *Rejal fil Shams* -*Homes baixo o sol*-, traducido a varios idiomas e levado ao cine, e censurado en varios países pola súa crítica ao mundo árabe en canto ao tratamento dos refuxiados palestinos.

¹² Salma Jayyusi (1928) é unha das máis famosas críticas literarias árabes, amais de poeta. Doutora en literatura árabe, escribiu coleccións como a *Antoloxía da literatura palestina moderna* -*Anthology of Modern Palestinian Literature*.

¹³ Jabra Ibrahim Jabra (1920-1994) foi un novelista, poeta, pintor e crítico. Nado en Belén, estudou en Xerusalén e Cambridge, e asentouse en Bagdad, onde pasou a ser cidadán iraquí, e onde morreu. Entre as súas obras destaca a novela: *al-Safine* -O barco.

Nos anos 50 celébranse moitos festivais de poesía en diversas cidades israelís nas que a presenza árabe é maioritaria. En *Árabes baixo a ocupación israelí -al-Arab fi Thil al-Ihtilal al-Israili-*, Habib Qahwaji apunta que

a poesía dos festivais converteuse nunha tradición entre a minoría árabe das terras ocupadas dende 1948. Esperan por estes festivais impacientemente, do mesmo xeito que esperan as súas celebracións relixiosas e nacionais (Qahwaji, 1972: 285)

Non é ata os anos 60 que se pode falar da expansión da literatura palestina dentro da chamada “liña verde”¹⁴. Comeza unha literatura coñecida como “de resistencia” e que se dá a coñecer fóra das súas fronteiras grazas á publicación d’*A literatura palestina de resistencia -al-Adab al-Falistini al-Mukawem-*, de Ghassan Kanafani, en 1966. Nesa antoloxía atópanse nomes de prominentes poetas palestinos como Mahmoud Darwish¹⁵, Salim Jubran¹⁶ ou Tawfiq Zayad¹⁷ (1970, 77), quen comenta que a poesía que el e os seus colegas escribiron non debería separarse da poesía escrita polos poetas palestinos anteriores á Nakbah.

A ocupación e os eventos acaecidos nos últimos anos da década dos 60 e nos 70¹⁸ axudan a unificar a literatura palestina. Son novamente as

¹⁴ A liña verde é o termo usado para referirse ás liñas divisorias establecidas entre Israel e os países veciños -Líbano, Siria, Xordania e Exipto- despois da guerra árabe-israelí de 1948. O nome provén do lapis verde usado para marcar o mapa usado durante as conversas e, amais dos países que estreman co estado de Israel, a liña separa os territorios anexionados por Israel na guerra de 1967: Gaza, Cisjordania, o Golán e a península do Sinaí -despois devolta a Exipto.

¹⁵ Mahmoud Darwish (1942) viviu coma un refuxiado no seu propio país, inmiscíndose na revolta política dende pequeno, o que o levou a varios arrestos. Editor do prestixioso xornal do partido comunista israelí: *al-Ittihad -A unidade-*. Entre a súa obra poética cabe mencionar libros como: *Awraq al-Zaytun -Follas de oliva-*.

¹⁶ Salim Jubran (1941) destaca polo seu traballo en favor das xentes que viven baixo a ocupación, o que se reflicte na súa obra poética, como en *Poemas non baixo arresto domiciliario -Kasa'd Laysat Mohadat Aleqama-*.

¹⁷ Tawfiq Zayad (1932) é un poeta e escritor político. Grazas aos seus estudos en Rusia, traduciu numerosas obras do ruso. Da súa colección persoal destaca a colección de poemas titulada *Afectuosamente aperto as túas mans -Ashoddo 'ala Ayadeekom-*.

¹⁸ En 1967 estalla a guerra árabe-israelí e Israel ocupa Gaza, Cisjordania, os Altos do Golán e a península do Sinaí. Ese mesmo ano nace a Organización para a Liberación de Palestina -O.L.P.-, e crecen as tensións entre as guerrillas palestinas e o exército xordano. Esta situación opresiva provoca unha curta pero intensa guerra fratricida, coñecida como “Setembro Negro”, na que morren 5000 persoas.

revistas e as asociacións culturais as que dinamizan as letras, nas que a poesía continúa a ser a súa principal expresión. Dentro da ficción, o relato, político e social, segue a ser o máis cultivado, mentres a novela aínda non é quen de acadar un lugar propio. Con todo, cómpre mencionar a Emile Habiby¹⁹, o mestre deste xénero, con obras escritas, dentro de Israel, sobre a poboación palestina, como *al-Mutash'il -O pesoptimista-*, unha novela satírica sobre a vida dos palestinos que quedaron en Israel despois do 48.

A literatura palestina actual é autocrítica e serve como documento para anotar os feitos acaecidos durante as dúas Intifadas. Neste sentido, cabe mencionar o poema de Fadwa Tuqan²⁰ “Os mártires da Intifada” - “Shuhada’ al Intifada”, e “As cartas que nunca chegaron” - “al-Rasa’ al-lati lam tasel abadan”-, de Ezzet Gazawi²¹. Ambos escribiron sobre a situación do seu pobo durante a chamada “revolución das pedras” - Intifada-, describindo a vida dentro dos cárceres israelís, no caso de Gazawi.

O acordo de paz de Oslo, en 1993 reprimiron o movemento literario nun primeiro momento, que pouco despois serviu para alimentar os sentimentos de perda e frustración que se plasman nun ensaio de Mourid Barghouti²² con respecto á poesía:

Un dos seus marabillosos milagres é que, pola súa forma, a poesía pode resistir o contido dun discurso autoritario. Recorrendo a unha linguaxe eufemística, concreta e física, un poeta compite contra a abstracción, a xeneralización, a hipérbole e a linguaxe heroica tanto dos xenerais exaltados como dos amantes finxidos... A poesía permanece, nas nosas mans, coma unha das formas máis asombrosas para resistir contra o escurantismo e o silencio. E posto que non podemos lavar as palabras

¹⁹ Emile Habiby (1921-1996) é un dos novelistas palestinos máis destacados. Como árabe-israelí, a súa obra reflicte a vida dos palestinos que viven en territorio israelí. Amais de *al-Mutash'il -O pesoptimista-*, cabe mencionar a novela curta *Ikhtiyeh! -Mágoa!*-, e a súa vocación literaria, que o levou a fundar unha editorial: Arabesque.

²⁰ Fadwa Tuqan (1917) entrou no mundo da literatura grazas ao seu irmán Ibrahim. Despois de explorar a poesía romántica, mudou a súa versificación cara a un estilo libre, converténdose na fundadora dun movemento feminista literario, do que saíron obras como a autobiografía: *A Mountainous Journey -Unha viaxe montañosa*.

²¹ Ezzet Gazawi (1951) é un novelista e un dos fundadores da Asociación de Escritores Palestinos. Na actualidade traballa como axente do Ministerio de Cultura e Información.

²² Mourid Barghouti (1944) é un dos máis famosos poetas palestinos na diáspora. A súa poesía patriótica e heroica está recollida en libros como *Poemas da aceira -Kasa'ed al-Raseef*.

contaminadas polo odio, do mesmo xeito que lavamos os pratos graxentos con xabón e auga quente; nós, os poetas do mundo, seguimos a escribir os nosos poemas para restaurar o respecto polo significado e para darlle significado á nosa existencia (Barghouti: 2003).

Amais de Mourid Barghouti e o xa mencionado Mahmoud Darwish, que converteu moitos dos seus poemas en himnos populares, algúns deles musicados, seguen a xurdir novas voces no panorama literario palestino. Vallan de exemplo a escritora Liana Badr²³ e Tamim Barghouti²⁴, un novo poeta na diáspora, e finalista do programa televisivo “O príncipe dos poetas”, transmitido en todo o mundo árabe, e que buscaba o mellor poeta árabe existente.

Ishaq Musa al-Husayni

Ishaq Musa al-Husayni é un escritor e estudoso palestino que naceu en Xerusalén en 1904²⁵ e morreu, na mesma cidade, en 1990. Á súa fama de escritor precédelle a que xa herdara da súa familia, non só de gran influencia política e social, senón tamén relixiosa. De feito, dende mediados do século XIX ata comezos do XX, os Husayni ocuparon postos importantes no parlamento do imperio otomán, servindo de intermediarios entre o goberno central, en Constantinopla, e as provincias árabes, como Palestina. Así mesmo, descendentes directos do profeta Mahoma, a súa autoridade foi tamén relixiosa.

Al-Husayni estudou xornalismo, e lingua e literatura árabe en Cairo e Londres, onde obtivo o seu doutoramento cunha tese titulada *A vida e traballos de Ibn Qutayba*²⁶, dirixida polo prestixioso arabista Gibb²⁷. Ensinou en diferentes universidades do mundo árabe, amais de en Canadá; foi membro da Academia da Lingua Árabe en Exipto e Iraq; e

²³ Liana Badr (1950) reflicte na súa obra os cambios de residencia sufridos debido ás implicacións políticas do seu pai. Así, na novela *The Sundial*, publicada en inglés, amosa as experiencias das mulleres nos campos de refuxiados de Sabra e Xatila, en Líbano.

²⁴ Tamim Barghouti (1977) é un aclamado poeta e politólogo palestino nacido en Exipto. Entre as súas coleccións poéticas inclúese o libro *Maqam Iraq*.

²⁵ George J. Kanazi (al-Husayni 1999: 5) apunta o seguinte: «nunha conversa telefónica pouco antes de morrer, pregunteille a Husayni sobre a data exacta do seu nacemento. Respondeu “Non sei, porque perdín todos os meus papeis en 1948; pero cando queira que me preguntan digo que nacín o 25 de decembro de 1904. Non podo atopar unha data mellor”».

²⁶ Ibn Qutayba (828-889) foi un recoñecido filólogo iraquí.

²⁷ H.A.R. Gibb (1895-1971) foi un prestixioso historiador e arabista cun gran número de libros publicados sobre o tema.

escribiu numerosos artigos e libros, sendo *Memorias dunha galiña* (*Mudhakkirat Dajajah*, 1943), merecedora do premio Dar al-Ma'arif, a máis recoñecida casas editoriais exipcias.

A súa obra pode dividirse en dúas categorías:

—A composta por libros relacionados coa lingua e a literatura: libros sobre prosodia, lingua, métodos de ensinanza gramatical, e literatura e crítica literaria.

—Libros que tratan temas de socioloxía, política e filosofía, como *A crise do pensamento árabe* (1954) ou *Literatura e nacionalismo árabe* (1966).

Memorias dunha galiña constitúe un grupo á parte en si mesma. A novela describe un ideal: a procura dun mundo utópico, por medio dunha alegoría que, dende a súa publicación, foi interpretada como a crónica do conflito árabe-israelí. Con todo, al-Husayni sempre negou esa idea, que tivo detractores e admiradores en ambos lados. Algúns consideraron que a obra era totalmente derrotista, posto que a protagonista, a galiña, non loita polos seus dereitos, senón que se rende ante ideais éticos como a paz; outros viron na fábula un bo exemplo de cara ao entendemento entre pobos destinados a vivir xuntos. En calquera caso, a obra ten, neste sentido, un posible parangón cun poema de Darwish, “Un soldado soñando con azucenas brancas”. Neste caso, a guerra do 67 provoca que un pacifista israelí decida deixar o seu país; unha idea que dun lado foi vista como derrotista e do outro como un falso intento de humanizar o inimigo:

Quero un bo corazón
Non o peso dunha revista de armas
Rexeito morrer
Volvendo a miña pistola o meu amor
Sobre mulleres e nenos (Darwish, 1996: 189)

Memorias dunha galiña, escrita en 1940, non foi publicada ata 1943, no Cairo. Rexeitada por considerarse marcadamente política, conseguiu a aprobación final de Taha Husayn²⁸ para incluíla dentro da súa editorial. O propio Husayn escribiu unha introdución, sen o coñecemento previo do autor, na que interpretaba a fábula dun xeito distinto ao que se propuxera nun principio. Neste sentido, considerou a

²⁸ Taha Husayn (1889-1973), editor de Iqra, está considerado coma un dos máis importantes literatos exipcios. Cego dende pequeno, dedicou a súa vida ás letras, introducindo as literatura occidental no seu país. Conseguiu o primeiro doutoramento outorgado pola universidade de al-Azhar, en Cairo e da súa vasta bibliografía, destacan títulos como *Mustaqbal al-Thaqafah fi Misr -O futuro da cultura en Exipto*.

galiña coma un ser intelixente que busca o ben e despreza o mal, e que intenta vivir en paz cos seus veciños; facendo referencia así, dun xeito explícito, á situación e aspiracións dos palestinos na súa loita contra o sionismo.

Memorias dunha galiña

A busca dun mundo perfecto ten sido un motivo de inspiración para relixiosos, filósofos e escritores. Nas tres grandes fes monoteístas, o Salvador promete unha vida eterna e perfecta, para os seus crentes. Platón, coa súa *República*, parece ser a orixe literaria dun soño utópico que terá continuidade en contos como os *d'As mil e unha noites*, onde se describen cidades e aventuras marabillosas. Así mesmo, entre os autores árabes cómpre destacar a al-Farabi²⁹ quen, na súa obra *Ara' Ahl al-Madinah al-Fadilah -A opinión dos habitantes dun estado ilustrado-*, describe o mundo progresista fronte ao que non o é. Por último, dentro da literatura árabe moderna, al-Husayni retoma o asunto na súa *Memorias dunha galiña*.

Memorias dunha galiña é o diario dunha pita, que comeza narrando o seu traslado da aldea á cidade. Un traslado non só físico, senón tamén psíquico, posto que provoca a madurez da protagonista, que pasa dunha feliz etapa de inocencia a un período de experiencia e implicación social. No novo fogar, descrito “coma un sanatorio” (al-Husayni, 1943: 15) pola propia galiña, dá coa luxuria, pero bota de menos aos seus. Nun mundo que acha cheo de contradicións, abráiase da forza do destino, que provoca que un acade o bo ou o malo sen sequera ter a posibilidade de elixir; coma o amor, que atopa, de súpeto, no seu novo marido, un galo que a converte na súa preferida.

A vida na granxa transcorre entre a alegría que produce o sol e a depresión que emana das nubes, entre pensamentos e contemplacións que rompen a monotonía dos días. Así explica a galiña o sentido da vida, que debe gozarse, posto que as penurias rematan no punto onde comeza o benestar, e o benestar remata onde comezan as penurias. E é precisamente unha desdicha a que provoca un novo cambio na vida da comunidade.

Un día, un inimigo ataca o lugar e o galo defende con valentía as súas mulleres. A vitoria provoca feridas no macho, que acaba morrendo,

²⁹ al-Farabi (870-950) foi un filósofo medieval de orixe turca que estudou e difundiu a filosofía de Aristóteles entre os árabes; amais de gramática, filosofía, matemáticas, música e ciencias, polo que recibiu o sobrenome de “segundo mestre”, alcume co que o bautizou o filósofo andalusí Averroes.

e nas mulleres, que se achan perdidas. Este incidente fai que a galiña teña que pensar por si mesma sobre o futuro de toda a granxa. E cos pensamentos crecen as súas inquedanzas espirituais, que pronto trata de compartir coas compañeiras: “Daquela, non deberíamos deixar de esaxerar o aprecio que lle temos ao corpo e a súa consagración material, para apreciar o espírito, a ética e os principios?” (al-Husayni, 1943: 56)

A galiña, no seu intento por facer que o resto de compañeiras pensen, observa que cada unha delas actúa de acordo ao seu temperamento. Ao explicarlles o seu parecer, acúsana dos defectos que ela mesma apunta sobre elas: envexa, gula, hipocrísia, mentira. Entón conclúe que, para entender o comportamento dos outros, necesítase tolerancia, mente aberta e consideración; características que, naqueles que as posúen, levan á felicidade, á paz e á harmonía.

Despois de anotar os defectos das criaturas, a galiña sente a necesidade de reformar a vida que a rodea, cambiando os principios básicos para lograr o respecto e entendemento entre todos. Decide comezar o cambio dende a punta da pirámide, para logo chegar á base; empezando pola familia, “que está subxugada a unha natureza e un entorno e unha vida” (al-Husayni, 1943: 42)

A chegada dunha nova xeración de pitas axuda ao desenvolvemento das ideas utópicas. A nai das acabadas de nacer foxe e a galiña decide adoptalas, sabendo que os novos son o futuro:

o mundo parécenos unha cruel anciá de pelo gris, cunha cara tenebrosa e unha aparencia aciaga. En cambio, cando vemos estas criaturiñas, a cara da anciá de pelo gris convértese na dunha mociña (al-Husayni, 1943: 80-81).

Coas novas criaturas pódense levar a cabo os principios espirituais proclamados pola galiña: amor, rexeitamento do materialismo, aumento dos principios, rexeitamento do uso da forza, preferencia polo interese xeral e un novo sistema de avaliación. A utopía nace con cada ser, pero vai morrendo a medida que se crece, debido ás circunstancias particulares de cada un. Como explica Kanazi, na introdución da obra, en tradución ao inglés, (1999: 9), cada ser estraga a súa propia utopía ao pasar á segunda etapa da vida. No caso de *Memorias dunha galiña*, estas fases son:

1. A aldea onde a galiña vive nun primeiro momento, e onde a vida era feliz, fácil e chea de satisfaccións.

2. A cidade onde a galiña se muda despois, onde a vida é complicada, e a xente está en continuas disputas por motivos materiais.

Na urbe, grande, caótica e chea de perigos viven os “xigantes” -os humanos-, uns seres difíciles de entender e con corpos enormes, o cal non implica que teñan enormes mentes e un comportamento racional. De feito, a mesma galiña explica que hai outros seres enormes no mundo, con corpos inmensos, e non por iso asumimos que teñen mentes privilexiadas. Vallan de exemplo os “camelos, as mulas e os burros e os cabalos e os da mesma especie, que nada neles proba que teñan mentes enormes” (al-Husayni, 1943: 119).

O primeiro encontro da galiña cun deses “xigantes” é durante a visita a unha amiga. Perseguida por un deles, a galiña pensa no pouco que usan a cabeza eses seres: “se dirixise un pouco dese esforzo en algo bo e útil para el, nunca tería a necesidade de atacar o débil” (al-Husayni, 1943: 108). No seu esforzo por escapar da opresión inimiga, a galiña usa o seu enxeño para defenderse e, como prólogo a esa Intifada que ha asolar a Palestina que moitos críticos acharon na novela, guinda pedras contra o xigante, porque: “se a vítima se debilita, el [o agresor] lánzase sobre ela e trágaa; pero se resiste, convértese nun problema difícil” (al-Husayni, 1943: 110). Este incidente ocupa as conversas dos días seguintes, tratando de imaxinar como é a vida dos humanos, na que a lei e a orde “non están baseadas en principios xustos, senón nun principio: a forza” (al-Husayni, 1943: 111).

A galiña convértese no líder espiritual da granxa, cos máis pequenos como os seus acólitos. A resposta é positiva pero, un día, ao regresar á casa, atopan que unha familia está ocupando, colonizando, o seu espazo. A ira, ao dárense de conta de que non hai lugar para dous grupos, convértese en malicia, e os máis novos claman vinganza. O cabeciña dos pequenos decide botar a nova familia do lugar, pero a galiña discute cos seus alumnos outros xeitos de afrontar o conflito. Conforme os seus ideais, a vinganza só os conducirá cara unha nova forma de tiranía e opresión. Ela propón adaptarse á nova situación, como o faría unha flor: “se unha flor sente que o lugar é estreito, dóbrase un chisco e crece noutro lugar” (al-Husayni, 1943: 138).

Chegados a este punto, a idea da Intifada toma dúas vías. Por unha banda, a galiña propón lanzar palabras e proclamas, carteis de ideas para vencer o opresor; pola outra, os máis novos propoñen a loita, posto que non atopan máis que dúas opcións: “ou ben entregamos o noso refuxio ou nos aferramos a el e expulsamos eses estranxeiros” (al-Husayni, 1943: 152).

Nun discurso mesiánico, a galiña acaba convencendo os seus discípulos para que propaguen a idea da paz e da xustiza por todos os lugares da terra. Nas súas últimas palabras, antes de despedirse dos nenos da diáspora, a galiña critica o que Darwish escusa no seu poema “Carné de identidade”. Para ela, ao contrario que para o poeta, é unha

desviación e unha falsa crenza pensar que “cando un está famento, a súa comida debería recollerse de calquera xeito posible” (al-Husayni, 1943: 155).

Escribe, pois...
Escribe
no comezo da primeira páxina
que non aborrezco a ninguén,
nin a ninguén roubo nada.
Mais, que se teño fame,
devorarei a carne de quen a min me roube.
Coidado, pois!...
Coidado coa miña fame,
e coa miña ira! (Darwish: 1996, 71)

Críticas a *Memorias dunha galiña*

A saída do prelo da obra de al-Husayni provocou dúas reaccións confrontadas. As críticas máis compracentes seleccionárona como o mellor libro do ano dentro das series aparecidas en Iqra', mentres os seus detractores máis acérrimos criticaron duramente a obra, chegando a descualificala como peza literaria. As primeiras censuras chegaron por medio de Taha Husayn, quen considerou que a obra predicaba a rendición do pobo palestino. O propio Husayn, quen rexeitara a novela nun primeiro momento, debido ás implicacións políticas, escribiu unha introdución na primeira publicación. Nela interpretaba a obra como unha especie de mensaxe subliminar que reflectía a loita do pobo palestino contra os novos inmigrantes xudeus durante o mandato británico:

Esta galiña é palestina [...] O autor leu as *Memorias* desta galiña palestina e entendeunas moi ben [...]. Vimos que esa galiña de Palestina atopa no amor ao ben e o odio ao mal, e na aspiración por unha xustiza social e internacional [...] o que calquera árabe de Palestina e de todo o oriente arábigo atopa (Husayn, 1943: 5-6).

Seguindo a liña de pensamento de Husayn, moitos críticos “atoparon difícil de aceptar o feito de que a atmosfera política de Palestina nos anos 30 e 40 non producise un bo número de traballos relacionados co conflito” (al-Husayni, 1999: 3). As súas expectativas obrigaban a pensar en traballos literarios que reflectisen a realidade do conflito, e por iso, como sucede coa obra de al-Husayni, adaptaron os escritos aos seus pensamentos.

O crítico literario Al Sayyid (1943: 24), nun artigo publicado na revista *al-Thaqafah*, analizou os contidos da obra e achouna totalmente integrada nos problemas e aspiracións do mundo árabe. Aínda máis, afirmou que o problema de Palestina estaba presente na obra, dun xeito non tratado ata o momento. Outros estudosos, como Sawafiri, chegaron a desprezar a novela de tal xeito que obviaron o nome de al-Husayni dentro das listas de novelistas. Así, Sawafiri (1979: 313-318) refírese a el como ensaísta e contista, pero nunca como novelista, na súa colección de literatura palestina.

O propio al-Husayni (1943: 20) tratou de facer unha lectura crítica da súa obra e negou calquera implicación política á hora de escribir a novela: “o problema político local non tivo que ver comigo. De facelo, a secuencia da narración sería necesariamente diferente”, confirmou, tratando de eliminar todas esas críticas destrutivas.

Críticos posteriores, como Shimon Ballas, manteñen a idea da obra coma unha derrota. En *A literatura árabe baixo a sombra da guerra - al-Adab al-‘Arabi fi Zill al-Harb-*, Ballas (1984: 11) sinala como, “malia non deixar claro que se refería ao conflito árabe-xudeu de Palestina, a repetida confirmación da identidade palestina da galiña deixa clara a súa intención”. Tamén Abu Matar considera a conversa entre a galiña e un dos acabados de chegar, no capítulo 28, unha referencia explícita ao movemento sionista:

Entón fomos cara o refuxio e miramos dentro. Atopamos criaturas estrañas alí. Entrei e vin que os nosos sitios estaban ocupados; tiven medo e berrei:

—Quen está aí?

Contestoume unha muller:

—Non te sobresaltes, irmá! Somos criaturas coma vós e trouxéronnos a este refuxio sen sabermos a onde nos levaban.

Pregunteille:

—Estades fuxindo dalgún tipo de opresión ou tortura?

E dixo:

—Non, só nos sacaron do noso refuxio para traernos a vosoutros!

E preguntei:

—Ides estar moito tempo?

E respondeu:

—Non sabemos! (al-Husayni, 1943: 141)

Os continuos esforzos sionistas de sacar doutros territorios ás comunidades xudías, para darlles cabida en Palestina, parecen reflectidas nesta pasaxe, como apunta Abu Matar. Pero Abu Matar non concorda coa postura pacifista da galiña, que considera “non ético expulsar un invitado” (al-Husayni, 1999: 63-64). É máis, afirma que esta

idea debería ser rexeitada totalmente, posto que é totalmente utópica, amais de axudar a incrementar a violencia inimiga (Abu Matar, 1980: 39): “Al-Husayni sabía que nunca se aceptaría unha solución dese tipo, e por ese motivo afirma: «se ti non o consegues, daquela os teus fillos e netos saberán cales eran os teus principios»”.

Faruq Wadi (1981: 30) é máis crítico e explica como ese ideal pacifista crea unha “atmosfera psicolóxica de aceptación da ocupación”, creando unha galiña palestina que traizoa o seu pobo, posto que se abandona a loita polo territorio, pola loita moral.

Kanazi resta importancia ao conflito e eloxia a boa literatura da obra, que encadra dentro do xénero da literatura utópica, (al-Husayni, 1999: 14): “relacionar a novela co conflito xudeu-palestino significa erradicar a súa esencia, e tamén só considerar seleccións do texto e omitir seccións substanciais”. A novela, que teoriza sobre a utopía e o desenvolvemento que dela fai a galiña ata acadar os seus ideais ten , segundo Kanazi unha orixe na filosofía medieval hispana, onde poden atoparse precedentes a este tipo de pensamento de rebelión interior. Así, o filósofo e físico Ibn Tufayl escribiu unha historia, *Hay ibn Yaqzan –O fillo vivo de Yaqzan-*, na que a observación interior trata de servir de explicación para o entendemento do mundo exterior. Al-Husayni, do mesmo xeito, creou unha figura capaz de crer na construción dun mundo diferente, se todos seguen os principios e ideais descritos. Un universo distinto, no que, como apuntaba Castelao, os animais son quen de entenderse, a diferenza dos humanos –os xigantes-, demasiado avanzados como para comprender a valía da palabra:

Velaí vai a demostración: Un can de Turquía ouvea igoal que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igoal que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por que? Porque os probes animais aínda están no idioma universal... (Castelao, 2004: 55).

Conclusión

Os conflitos, e as tensións políticas e sociais alimentan a literatura palestina con temas variados: combates militares, actividades terroristas, a situación nos países veciños, a vida nos campos de refuxiados, etc. Todos estes aspectos, apunta Badawi (1992: 198) “foron explorados na ficción árabe e, mentres algúns amosarán ter un atractivo temporal e ocasional, moitos outros están claramente destinados a

perdurar”. Neste último caso atópase *Memorias dunha galiña*, un libro mal interpretado dende un comezo, o que provocou unha avaliación negativa do seu contido, pero que perdura coma unha das grandes novelas da literatura árabe, e palestina en particular.

Mourid Barghouti exemplifica claramente como a situación histórica do seu pobo é fonte incansable de citas literarias. Así, lembra como a guerra do 67 provocou o seu exilio involuntario. Sendo estudante universitario en Exipto, o conflito pechou a posibilidade de retornar á súa casa e familia. Só trinta anos despois conseguiu un permiso para volver ver a súa terra, Palestina, totalmente cambiada. Sorprendeulle ver soldados custodiando a ponte do río Xordán, e foi daquela que escribiu: “A súa pistola é a miña historia persoal [...]A súa pistola colleunos a terra do poema e deixounos o poema da terra”. (Barghourti, 2003: 13). Esa é a realidade palestina: un estado de sitio continuo, moitas veces evocado na súa literatura.

Memorias dunha galiña forma parte desa literatura influenciada por factores políticos, sociais e económicos internos, e estimulada pola influencia cultural externa. O lirismo da obra e os avatares da historia permiten a súa perennidade como texto actual, sempre ávido de censuras e eloxios.

Al-Husayni logra reflectir a mentalidade dun pobo histórico valéndose dun tipo de literatura pedagóxica como son as fábulas. Na súa propia lenda, al-Husayni consegue reivindicar un espazo para as letras palestinas, amais dun lugar para a historia particular da súa xente. Pero *Memorias dunha galiña* non só é un relato historicista, senón tamén unha ficción cunha moral final utópica e mesiánica, como a citada na Biblia, en Xoán 13: 34 con respecto ás palabras de Xesús aos seus discípulos: “amádevos uns aos outros, como eu vos ameí”.

Bibliografía

- Badawi, M. M. (1992). *Modern Arabic Literature*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Ballas, Shimon (1984). *al-Adab al-‘Arabi fi Zill al-Harb*. Shfaram: Dar al-Mashriq.
- Barghouti, Mourid (2003a). *I Saw Ramallah*. New York: Anchor Books.
- Barghouti (2003b). Verbicide: Palestinian poet Mourid Barghouti resists the political language of stupidity and hate - Essay. Dispoñible en [consult. 19.03.2008]: <
http://findarticles.com/p/articles/mi_m0JQP/is_359/ai_107489485/pg_3>
- Castelao, A.D. Rodríguez (2004). *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia.

Colunga Cueto, Alberto e Elonio Nacar Fuster (1986). *Sagrada Biblia*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.

al-Dali, al-Sayyid (1943). "Mudhakkirat Dajajah", *al-Thaqafah* 245.

Darwish, Mahmoud (1996). *Diwan Mahmoud Darwish*. Vol. 1. Beirut: Dar Al'awdeh.

al-Farabi, Muhammad Bin Muhammad (1991). *Ara' Ahl al-Madinah al-Fadilah*. Beirut: Dar Al-mashreq.

Jayyusi, Salma Khadra (1992). *Anthology of Modern Palestinian Literature*. New York: Columbia University Press.

Kanazi, George J. (1999). *Memoirs of a Hen. A present-Day Palestinian Fable by Ishaq Musa al-Husayni*. Toronto: York Press Ltd.

Khuri, Yusuf (1976). *Al-Sahafa al-Arabia fi Filistin*. Beirut: Dar Al'awdeh.

Lyall, Sir Charles (1885). *Translations of Ancient Arabian Poetry*. Londres: William & Norgate.

Martí, Octavi (2008). Boicoteo árabe a las letras hebreas en el Salón del Libro de París. *El País*, 13-03-2008.

Mattar, Philip (2000). *Encyclopedia of the Palestinians*. New York: Facts on File.

Mustafa, Khalid Ali (1978). *Al-Shi'r al-Filastini 'l-Hadith*. Bagdad: Al maktaba Al wataneya.

Qahwaji, Habib (1972). *al-Arab fi Thil al-Ihtilal al-Israili*. Beirut: Dar Al'awdeh.

Sawafiri, Kamil (1979). *al-Adab al-'Arabi al-Mu'asir fi Filastin 1860-1960*. Cairo: Dar al-Ma'arif.

Shanin, Mariam (2005). *Palestine. A Guide*. Gloucestershire: Arris Publishing.

Tuqan, Ibrahim (1988). *Diwan Ibrahim Tuqan*. Beirut: Dar Al'awdeh.

Wadi, Faruq (1981). "Qira'ah Jadidah li-Kitab al-Husayni *Mudhakkirat Dajajah*", *al-Karmil* 2.

Zayad, Tawfiq (1970). *'an al-Adab al-Sha'bi al-Filistini*. Beirut: Dar Al'awdeh.